

SECRETARÍA DE GOBERNO
LOCAL

CONCELLERÍA DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Expte: 1986/1102

Informe xurídico de aprobación da memoria de transparencia e bo goberno 2024

Antecedentes

En data 1.12.2024 procedeuse á incoación do expediente para a elaboración da memoria anual de transparencia e bo goberno do Concello de Vigo do ano 2024, para dar cumprimento ás previsións contidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

Consta incorporado no expediente o documento correspondente á Memoria anual de transparencia e bo goberno, asinado en data 30.12.2025 pola Secretaria de Goberno local, coa conformidade da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

LEXISLACION APLICABLE

- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Da elaboración, aprobación e publicación da memoria.

O artigo 6.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno determina que as Administracións Públicas publicarán os plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. O seu grao de cumprimento e resultados deberán ser obxecto de avaliación e publicación periódica xunto cos indicadores de medida e valoración, na forma en que se determine por cada Administración competente.

O artigo 21 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, determina que as Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación establecerán sistemas para integrar a xestión de solicitudes de información da cidadanía no funcionamento da súa organización interna. Neste senso segundo Resolucións da Alcaldía de data 19.06.2023, modificada por Resolución de data 28.06.2024, e 20.06.2023, delegouse



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/01/2026 09:59	Páxina 1 de 2
1986-1102	CSV: A4ADDH-814FB4-AHD6AF-PAYYPH-NKP4QB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

na Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a competencia en materia de impulso o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola adecuada difusión da información pública, mediante a publicidade activa no Portal de Transparencia e a publicidade pasiva, integrando os procedementos administrativos correspondentes.

SEGUNDO.- Do órgano competente.

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2024.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a Memoria anual de transparencia e bo goberno do Concello de Vigo correspondente ao ano 2024, incorporada no expediente.

SEGUNDO.- Dar publicidade ao documento aprobado, a través da súa publicación na intranet municipal e a súa inserción no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña.

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe.

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 09.07.2024)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/01/2026 09:59	Páxina 2 de 2
1986-1102	CSV: A4ADDH-814FB4-AHD6AF-PAYYPH-NKP4QB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		